

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Politécnico situado en Vigo.

A maioría do noso alumnado procede dos centros adscritos Emilia Pardo Bazán e Ramón y Cajal, aínda que hai parte procedente doutros centros.

O noso alumnado vive preto do Instituto. Este Instituto ten moita tradición nesta parte da cidade e xa hai familias que tiveron a maior parte dos seus membros estudando aquí.

Recibimos tamén alumnado de distintos países que, ás veces, se incorpora a mediados do curso. Parte deste alumnado descoñece completamente tanto a lingua española como a galega.

O grupo seleccionado de 1º ESO, está composto por 51 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Non hai vida sen ríos.	Nesta unidade estúdase a importancia dos ríos na vida das persoas, centrándonos no río da nosa cidade, o río Lagares. Nesta unidade descubriremos os lugares máis interesantes do río Lagares relacionados co patrimonio natural e cultural, como fervenzas, pozas, lagoas; ou muíños, lavadoiros, petróglifos. Ademais, nesta unidade o alumnado pescudará e seleccionará información sobre algún punto interesante do río, e realizarase un programa de radio no que se describirán os lugares seleccionados.	30	10	X		
2	Queremos que o noso río sexa así.	Nesta unidade o alumnado pescudará información en pequenos grupos de traballo sobre as agresións que sofren os ríos galegos, e o río Lagares en particular (plantas e animais invasores; verteduras..). Ademais realizaranse senllas saídas ás dúas partes do río Lagares (alta e baixa), nas que se efectuarán diferentes inspeccións para actualizar o seu estado e propoñer melloras. Como colofón a esta unidade realizarase un programa de radio actualizando o estado do río Lagares, mostrando o traballo realizado nas saídas.	35	10		X	
3	Por un Lagares Vivo.	Nesta unidade o alumnado, alén de expoñer o resultado dos proxectos e traballos realizados ao longo do curso, realizará un mapeo e rexistro e do patrimonio natural, cultural e artístico que podemos atopar na contorna inmediata ao río Lagares. Ademais, presentarase nun programa de radio o plan de mellora para o principal curso de auga da cidade de Vigo realizado polo alumnado.	35	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Non hai vida sen ríos.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar a importancia dos ríos nas vidas das persoas, e a do río Lagares en particular; descubriendo e investigando sobre a contorna natural e patrimonial deste curso de auga.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto; como a busca de información na rede, na biblioteca; ou o emprego da emisora do centro.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Queremos que o noso río sexa así.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas que consisten na preparación e realización de senllas saídas didácticas ás dúas partes do río Lagares (alta e baixa), nas que se efectuarán diferentes inspeccións para actualizar o seu estado e propoñer melloras.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Por un Lagares Vivo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Nesta unidade o alumnado realizará e presentará un mapeo e rexistro e do patrimonio natural, cultural e artístico da contorna inmediata ao río Lagares. Ademais, presentarase nun programa de radio o Plan de mellora para o principal curso de auga de Vigo realizado polo alumnado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "O noso Lagares".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo da importancia dos ríos na vida das persoas, centrándonos primeiramente no coñecemento de aspectos básicos como a flora e a fauna do bosque de ribeira galego, así como dos elementos patrimoniais que aparecen na contorna dos ríos. Nesta avaliación incidirase na importancia na concienciación na diminución do impacto ambiental nos ríos (polución, contaminación de todo tipo, especies invasoras...) e no incremento e conservación da biodiversidade autóctona. Posteriormente, centrarémonos no río da nosa cidade, descubrindo os lugares máis interesantes relacionados co seu patrimonio natural e cultural. Ademais, nesta avaliación o alumnado coñecerá os elementos da linguaxe radiofónica e realizará un primeiro programa de radio.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- Concello
- Asociacións ecoloxistas ou culturais (ADEGA, Lagares Vivo, Instituto de Estudos Vigueses, Montañeiros Celtas...)
- Familias e alumnado

Nesta avaliación recollerán datos e analizarán os distintos proxectos destinados á mellora do principal curso de auga da cidade de Vigo, o río Lagares, pescudando información en pequenos grupos de traballo sobre as agresións que sofren os ríos galegos en xeral, e o río Lagares en particular (plantas e animais invasores; verteduras..). Ademais realizaranse senllas saídas ás dúas partes do río Lagares (alta e baixa), nas que se efectuarán diferentes inspeccións para actualizar o seu estado e posteriormente propoñer melloras. Como colofón a esta unidade realizarase un programa de radio actualizando o estado do río, mostrando o traballo de investigación feito nas saídas.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos as súas propostas de mellora da contorna natural do curso do río Lagares (zona alta e zona baixa), centrándose especialmente na diminución e control de verteduras, eliminación de especies invasoras e repoboación con especies autóctonas. Isto materializarase na realización e exposición dun mapeo e rexistro e do patrimonio natural, cultural e artístico que podemos atopar na contorna inmediata ao río Lagares; e na realización dun programa de radio final, no que se presente o Plan de mellora do río Lagares.

Terán liberdade no formato de presentación e nos medios, dándolle a máxima difusión no mediante exposicións nos taboleiros e corredores do centro, así mesmo, enviaranse os proxectos ao concello e asociacións culturais e de veciñanza para dar visibilidade á opinión da propia cidadanía.

Neste proxecto trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (biodiversidade de fauna e flora do bosque de ribeira galego, as especies invasoras, a contaminación e o desenvolvemento sostible)
- Xeografía e Historia (historia do río e patrimonio cultural asociado)
- Matemáticas (estadísticas de contaminación, aproveitamentos do río... no concello de Vigo, así como deseño de maquetas a escala)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño dos formatos de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores

Caderno

Materiais funxibles necesarios para a realización dos proxectos (goma eva, cartón, cartolinas, pinturas de cores...)

- Espazos: as aulas, a aula de informática, a biblioteca e a emisora son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. Alén da biblioteca de centro, dispoñemos de pequenas bibliotecas de aula que serán de grande axuda ao longo do curso. Ademais, contamos co salón de actos, lugar onde se desenvolverán distintas actividades complementarias.
- Medios audiovisuais: ordenadores portátiles, pantallas dixitais, canón e altosfalantes.
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais, blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas e mapas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados desta proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do dossier informativo (traballo) coa recompilación da información solicitada e realización dun programa de radio coa información acadada.
 - SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo de actualización do estado das diferentes zonas con propostas de mellora e realización dun programa de radio coa información acadada.
 - TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición das actuacións do proxecto e realización dun programa de radio
- Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao río Lagares (zona alta)	No mes de marzo realizarase a primeira saída formativa á zona alta do río Lagares, onde se visitarán lugares emblemáticos (Lagoa Mol, Pozo da Serpe) e na que en pequenos grupos avaliarán o estado e calidade da contorna natural que podemos atopar na actualidade e na que estarán acompañados por membros de ADEGA.		X	
Charla da Asociación "ADEGA", ¿Lagares Vivo? ou ¿Montañeiros Celtas?	Nos meses de febreiro/marzo realizarase unha charla formativa dalgunha destas asociacións na que se afondará na importancia da conservación e limpeza dos ríos, e na posición da asociación con respecto ao estado actual dos río galegos.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao río Lagares (zona baixa)	No mes de marzo realizarase a segunda saída formativa á zona baixa do río Lagares, onde se visitarán lugares emblemáticos (Pazo Castrelos, Xunqueira do Lagares) e na que en pequenos grupos avaliarán o estado e calidade da contorna natural que podemos atopar na actualidade nesta parte do río.		X	

Observacións:

Alén das anteriores actividades complementarias programadas de de comezo do curso, o 1º curso da ESO participará dende a materia de Proxecto Competencial, en colaboración interdisciplinar con outros departamentos do centro, nos seguintes Contratos Programa ofertados dende a Consellería de Educación:

- Iguála-T
- Inclúe-T
- Convive-T
- Emoción-T
- EDUsostibilidade

Por outra parte, desde a materia de Proxecto Competencial colaborarase de maneira interdisciplinar con outros departamentos do centro no seguinte Plan Proxecta ofertado desde a Consellería de Educación:

- Proxecto Ríos

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios de heteroavaliación que lle serán proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Modificado polo cambio do calendario

9. Outros apartados